

**A REGULACIÓN DO
EMPREGO E O FONDO DE
GARANTÍA SALARIAL**

11

Marta Puebla Vilariño

Funcionaria do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal)

Índice

Capítulo 11. A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL	3
11.1. A regulación de emprego	3
11.2. O Fondo de Garantía salarial (Fogasa)	10

Capítulo 11. A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

11.1. A regulación de emprego

Neste apartado analizaranse os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con competencia en Galicia e coa información publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensións do contrato ou reducións de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de maneira individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre empresa e representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

A COVID-19 fixo necesaria a aprobación dunha serie de medidas normativas para facer fronte á situación sanitaria. Entre elas destaca o Real decreto-lei 8/2020, do 17 de

marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer frete ao impacto económico e social da covid-19, e o Real decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral.

As suspensións de contrato e reducións de xornada que teñan a súa causa directa en perdas de actividade como consecuencia da COVID-19, incluída a declaración do estado de alarma, que impliquen suspensión ou cancelación de actividades, peche temporal de locais de afluencia pública, restricións no transporte público e, en xeral, da mobilidade das persoas e/ou as mercancías, falta de subministracións que impidan gravemente continuar co desenvolvemento ordinario da actividade, ou ben en situacións urxentes e extraordinarias debidas ao contaxio do persoal e a adopción de medidas de illamento preventivo decretados pola autoridade sanitaria, que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que se derivan do artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Co Real decreto-lei 11/2021, do 27 de marzo, todos os ERTE, tanto de suspensión como de redución, convértense en ERTE de suspensión, xa que as empresas deben transformar en días completos as horas de redución de xornada.

Nos ERTE COVID-19 non é necesario ter un período mínimo cotizado de 360 días e as solicitudes non son individuais, preséntaas a empresa de forma colectiva. Durante o período de alarma tampouco era necesaria a inscrición como demandante de emprego, polo que os datos do paro rexistrado non contan coas persoas perceptoras dos ERTE COVID-19, si figuran nos datos das persoas perceptoras de prestacións.

Tamén e de destacar o Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se reforma o Estatuto dos traballadores no seu art. 47 dos expedientes de regulación do emprego de causas económicas, técnicas, organizativas e de produción e os expedientes de forza maior.

Para a realización deste informe non contamos cos datos facilitados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, polo que vamos facer unha análise cos datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Dende a declaración do estado de alarma, non foi posible en moitos casos a remisión da información dos expedientes de regulación de emprego polas autoridades laborais das CC. AA. á Dirección Xeral de Traballo para a elaboración da información estatística. Por isto, para a elaboración do Informe de 2020 e 2021 non podemos contar coa mesma información que en anos anteriores.

No ano 2021 a nivel estatal víronse afectados por procedementos de regulación de emprego 51.238 persoas, dos que o 17% eran de forza maior e o 83% por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción.

O máis destacado é a redución de traballadores e traballadoras afectadas en 966.551 menos que en 2020, tras a gran subida do ano anterior, e só tendo en conta os expedientes de ámbito nacional, por non estar dispoñible a información de ámbito provincial e das CC. AA.

Isto supuxo un descenso do 95%, aínda que se o desagregamos por tipos o descenso só se dá nas persoas afectadas por suspensión/redución de xornada cun -96,4% menos, xa que en despidos colectivos hai un incremento do 72,3%.

Cadro 11.1

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión e redución de xornada e por causa alegada. España. 2020-2021

	2020*			2021*		
	Valores absolutos	Variación sobre ano anterior		Valores absolutos	Variación sobre ano anterior	
	2020	Absolutas	Relativas	2021	Absolutas	Relativas
Persoas traballadoras	1.017.789	928.862	1.045	51.238	-966.551	-95
Despedimentos colectivos	8.614	-22.257	-72	14.840	6.226	72
Suspensión/redución	1.009.175	951.119,0	1.638,3	36.398	-972.777,0	-96,4
Causas						
Forza maior	678.916	677.412	45.041	8.724	-670.192	-99
Outras	338.873	251.450	288	42.514	-296.359	-88
Con acordo	322.674	244.427	312	38.898	-283.776	-87,90
Sen acordo	16.199	7.023	77	3.616	-12.583	-77,70

* Os datos corresponden a ERE comunicados á Dirección Xeral de Traballo e inclúen unicamente persoas traballadoras afectadas por procedementos de ámbito estatal, non inclúen procedementos provinciais ou de CC. AA.
Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Facendo unha análise dos meses dispoñibles, **de xaneiro a abril de 2021** apréciase que son as suspensións de contratos as que maior número de persoas teñen afectadas, seguidas das reducións de xornada. Se nos fixamos nas provincias é A Coruña a que ten máis persoas afectadas, seguida de Pontevedra, e a que menos ten e Ourense.

Cadro 11.2

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada. Galicia. Período: xaneiro/abril 2021 acumulados

	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada	Total acumulado xaneiro/abril
A Coruña	315	6.513	2.512	9.340
Lugo	2	2.049	617	2.668
Ourense	3	1.600	578	2.181
Pontevedra	84	4.716	1.321	6.121
Galicia	404	14.878	5.028	20.310

*Os datos inclúen unicamente persoas traballadoras de expedientes de ámbito nacional, por non dispoñer dos datos facilitados polas CC. AA.

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

*Debido a gran magnitude de datos só se poden facilitar de xaneiro a abril do 2021, xa que se están actualizando cada mes do 2022 o seu correspondente do 2021

No cadro 11.3 podemos ver o total acumulado de xaneiro a decembro e comparalo co mesmo período do ano anterior. Destaca a redución en 966.551 persoas. O que supón un 95% menos en termos globais. Se facemos a análise polo tipo de expediente, vemos que a redución dáse nos expedientes de suspensión e redución de xornada, xa que nos despedimentos colectivos apréciase un aumento de 6.226 persoas afectadas.

Cadro 11.3

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada. Galicia. 2021

	Valores Absolutos	Variación Ano anterior
Despedimentos colectivos	14.840	6.226
Suspensión de contratos/redución de xornada	36.398	-972.777
Total	51.238	-966.551

*Os datos inclúen unicamente persoas traballadoras de expedientes de ámbito nacional, por non dispoñer dos datos facilitados polas CC. AA.

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Comparando as distintas CC. AA. vese que son Ceuta e Melilla, seguidas de Canarias e A Ríoxa as que máis redución tiveron, xa que foron das que máis aumentaron no 2020. Entre as de menos redución están Asturias e Castela-A Mancha.

Cadro 11.4

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada*. Por comunidades autónomas. 2021

	ACUMULADOS XANEIRO-DECEMBRO					
	DESPEDIMENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN CONTRATO/REDUCCIÓN XORNADA		
	V. absolutos	Variación		V. absolutos	Variación	
		sobre igual periodo ano anterior			sobre igual periodo ano anterior	
		Absolutos	En %		Absolutos	En %
Total	14.840	6.226	72,3	36.398,0	-972.777,0	-96,4
Andalucía	2.354	827	54,2	3.191,0	-122.363,0	-97,5
Aragón	236	47	24,9	926,0	-30.756,0	-97,1
Asturias	208	134	181,1	1.509,0	-21.208,0	-93,4
Baleares	515	341	196,0	1.238,00	-37.924,0	-96,8
Canarias	449	103	29,8	525,0	-33.262,0	-98,5
Cantabria	67	-22	-24,7	373,0	-9.308,00	-96,1
Castela-A Mancha	228	17	8,1	1571	-25.584,0	-94,2
Castela e León	408	-30	-6,8	1.701,0	-46.708,0	-96,5
Cataluña	2.728	1.434	110,8	7.712,0	-178.518,0	-95,9
C. Valenciana	1.399	734	110,4	3.170,0	-86.994,0	-96,5
Extremadura	91	-61	-40,1	317,0	-7.842,0	-96,1
Galicia	682	231	51,20	1.301,00	-38.441,00	-96,7
Madrid	4.669	2.257	93,6	9.971,0	-251.658,0	-96,2
Murcia	259	187	259,7	544,0	-18.379,0	-97,1
Navarra	176	153	665,2	639,0	-14.318,0	-95,7
País Vasco	342	-130	-27,5	1.588,0	-41.956,0	-96,4
A Rioxa	27	16	145,5	109,0	-6.194,0	-98,3
Ceuta e Melilla	2	-12	-85,7	17,0	-1.864,0	-99,1

*Os datos inclúen unicamente persoas traballadoras de expedientes de ámbito nacional, por non dispoñer dos datos facilitados polas CC.AA.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel estatal quedan reflectidos no cadro 11.5, no que se confirma a tendencia á baixa en todos os sectores en valores absolutos, especialmente no sector servizos, seguido do da industria. O que menor descenso tivo foi o sector agrario.

Analizando o tipo de ERE, nos despedimentos colectivos reflíctese un aumento, mentres que nos de suspensión e redución de xornada a redución é do 96,4%. Débese ter en conta que dende xuño/20 todos os expedientes de redución de xornada convertéronse en expedientes de suspensión, ao ter as empresas que converter as horas de redución en días completos.

Cadro 11.5

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, por sección de actividade económica. España. 2021

SECTORES	ACUMULADOS XANEIRO-DECEMBRO								
	DESPEDIMENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATO/REDUCCIÓN DE XORNADA			TOTAL		
	V. absolutos	Variación		V. absolutos	Variación		V. absolutos	Variación	
		sobre igual periodo ano anterior			sobre igual periodo ano anterior			sobre igual periodo ano anterior	
		Absolutos	En %		Absolutos	En %		Absolutos	En %
Agrario	0	-254	-100,00	6	-6.914	-99,90	6	-7.168	-99,9
Industria	1.239	-902	-42,10	4.605	-114.209	-96,10	5.844	-115.111	-95,2
Construción	30	-791	-96,30	2.384	-21.038	-89,80	2.414	-21.829	-90,0
Servizos	13.571	8.173	151,40	29.403	-830.616	-96,60	42.974	-822.443	-95,0
Total	14.840	6.226	72,3	36.398	-972.777	-96,4	51.238	-966.551	-95,0

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais. Corresponden aos procedementos de regulación de emprego comunicados á Dirección Xeral de Trabajo e inclúen unicamente persoas traballadoras de ámbito nacional.

Unha análise máis detallada das seccións de actividade económica mostran que o

comercio, a hostalaría e actividades administrativas e servicios auxiliares son das seccións máis afectadas polo descenso de persoas. Estas actividades foron das que mis incremento tiveron no 2020.

En termos absolutos, no 2021, foron as seccións de comercio e actividades administrativas e servicios auxiliares e industrias manufactureiras, as que máis persoas traballadoras concentraron afectadas polos ERE.

Cadro 11.6

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, por sección de actividade económica. España. 2021

SECCIÓN	ACUMULADOS XANEIRO-DECEMBRO		
	TOTAL		
	V. absolutos	Variación sobre igual período ano anterior	
		Absolutos	En %
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	6	-7.168	-99,9
Industrias extractivas		-735	-100,0
Industria manufactureira	5.814	-101.506	-94,6
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado		-10.121	-100,0
Construción	2.414	-21.829	-90,0
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos	30	-27.049	-98,9
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos a motor	19.352	-268.258	-93,3
Transporte e almacenamento	3.947	-94.514	-96,0
Hostalaría	1.629	-162.512	-99,6
Información e comunicacións	1.244	-25.854	-95,4
Actividades financeiras e de seguros	1.814	-5.423	-74,9
Actividades inmobiliarias	47	-2.815	-98,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.747	-50.959	-96,70
Actividades administrativas e servizos auxiliares	11.884	-120.942	-91,1
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria.		-196	-100,0
Educación	325	-12.494	-97,5
Actividades sanitarias e de servizos sociais	114	-14.777	-99,2
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	281	-21.137	-98,7
Outros servizos	538	-39.788	-98,7
Actividades fogares empregadores persoal doméstico, produtores de bens e servizos			
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	52	-2.734	-98,1

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais. Corresponden aos procedementos de regulación de emprego comunicados á Dirección Xeral de Trabajo e inclúen unicamente persoas traballadoras afectadas por procedementos de ámbito nacional.

Pasaremos agora a facer unha análise des altas iniciais de prestacións derivadas de ERTE COVID-19 cos datos facilitados polo SEPE.

En primeiro lugar veremos que a taxa de cobertura a nivel estatal das prestación de desemprego é moi similar todos os meses do ano, cunha media anual do 60,9% de cobertura, moito menor que a do ano 2020 que chegou no mes de maio ao 134,8%.

Se a análise a facemos en Galicia o comportamento é similar ao de España, aínda que no caso galego a taxa de cobertura é algo maior e chega ao 64%.

Por sexos a taxa de cobertura foi un pouco superior en homes co 66,4% de media, fronte ao 57% das mulleres.

Cadro 11.7

Taxa de cobertura de prestacións de desemprego. España/Galicia 2021. En porcentaxe

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/decembro España	64,0	62,9	60,5	59,6	58,8	58,1	61,8	62,9	59,7	59,3	60,6	62,6	60,9
	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/decembro Galicia	69,3	69,5	63,8	64,9	63,8	62,1	63,6	62,8	59,9	60,5	61,5	63,7	64,0

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

Se temos en conta o sexo, son as mulleres as que percibiron maior número de prestacións ERTE COVID-19 con 21.016, fronte as 15.549 dos homes.

Comparando Galicia co resto das CC.AA. apréciase que as prestacións ERTE COVID-19 percibidas na nosa comunidade supuxeron un 4% do total.

A maior porcentaxe de prestacións pagadas sobre o total tena Cataluña co 24,9%, seguida da Comunidade de Madrid co 14,5% e Andalucía co 12%.

As menores porcentaxes están en Ceuta e Melilla que nos chegan ao 1%, quédanse no 0,03% no caso de Ceuta e o 0,1% no de Melilla, e A Ríoxa con 0,7%.

Cadro 11.8

ERTE COVID-19. Desagregación altas iniciais de prestación contributiva, suspensión e desemprego parcial por comunidades autónomas. Acumulado decembro 2021

	Suspensión emprego	Desemprego parcial	Total
Andalucía	108.519	942	109.461
Aragón	16.405	227	16.632
Asturias	13.530	96	13.626
Baleares	71.356	1.041	72.397
Canarias	54.362	248	54.610
Cantabria	7.876	74	7.950
Castela-A Mancha	25.270	184	25.454
Castela e León	27.383	429	27.812
Cataluña	217.237	7.884	225.121
Comunidade Valenciana	110.152	3.430	113.582
Estremadura	13.028	45	13.073
Galicia	36.408	157	36.565
Madrid	122.529	8.798	131.327
Murcia	13.192	105	13.297
Navarra	9.186	474	9.660
País Vasco	24.082	393	24.475
A Ríoxa	6.198	73	6.271
Ceuta	337		337
Melilla	1.069	2	1.071
Total	878.119	24.602	902.721

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

Como xa se expuxo anteriormente, pola falta de datos comunicados polas CC.AA. á

Dirección Xeral de Traballo, este ano non dispoñemos de máis datos para a elaboración do informe.

11.2. O Fondo de Garantía salarial (Fogasa)

O Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Traballo e Economía Social creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído o persoal de alta dirección e as persoas suxeitas a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparadas as persoas socias traballadoras de sociedades laborais que contén cun número de socias e socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar e as que ostenten cargos de conselleiros/as e administradores/as de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras. Tampouco están no seu ámbito de cobertura as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

- Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Pagar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:
 - . Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.
 - . Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pago parcial ou total da indemnización.

Tanto no conxunto do Estado como en Galicia aumentaron, con respecto ao ano 2020, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa.

Este aumento tamén se aprecia nas empresas afectadas, en Galicia e en España.

En Galicia o aumento **do número de persoas beneficiarias** de prestacións do Fogasa foi en 2021 do 1,7%, con respecto a 2020.

A nivel estatal o aumento alcanzou o 14% no 2021.

Comparando as provincias galegas, o incremento deuse en Ourense cun 40% máis que en 2020 e en Pontevedra cun 37% máis. Nas outras dúas provincias a redución foi: Lugo do 29,8% e A Coruña 8,3%.


Cadro 11.9

Fogasa. Expedientes, empresas afectadas e persoas beneficiarias segundo sexo, por provincia. Galicia. 2021

	Expedientes	Empresas	Persoas beneficiarias		
			Ambos sexos	Homes	Mulleres
Galicia	4.047	1.417	4.334	2.440	1.851
A Coruña	1.817	664	1.980	1.022	946
Lugo	549	185	558	335	217
Ourense	380	134	403	250	143
Pontevedra	1.301	473	1.393	833	545

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.



Como consecuencia do incremento das persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén un **incremento dos importes dos salarios acordados** en España pero no así en Galicia.

No conxunto do Estado o **aumento** foi:

2021: mulleres 24,8% e homes 8,9%

Mentres que en Galicia a **redución** foi leve no grupo de mulleres e máis acusado no de homes:

2021: Mulleres 1% e homes 15%

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o descenso na Coruña e Lugo. Mentres que Ourense (82%) e Pontevedra (18%) aumentan.

Cadro 11.10

Importe dos salarios acordados segundo sexo, por provincia. Galicia. 2020-2021

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos os sexos ⁽¹⁾		Homes		Mulleres	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
España	176.229,4	203.952,2	116.459,0	126.820,9	55.117,9	68.911,4
Galicia	12.307,8	11.018,4	7.955,3	6.748,2	4.214,8	4.173,5
A Coruña	7.005,1	5.320,4	4.347,8	3.050,7	2.566,4	2.244,4
Lugo	1.918,1	1.281,2	1.417,5	850,9	481,0	418,2
Ourense	645,7	1.178,3	376,1	784,9	257,0	370,7
Pontevedra	2.738,9	3.238,4	1.813,9	2.061,7	910,4	1.140,2

(1) A suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos os sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2020/2021

Seguindo a tendencia do incremento do número de persoas beneficiarias e empresas en 2021, tamén se incrementaron os **importes das indemnizacións** acordadas.

En España estes incrementos foron:

2021: mulleres 35% e homes 26,5%

En Galicia o aumento foi só no colectivo feminino, no masculino o que hai e unha redución:

2021: mulleres aumento do 16% e homes descenso do 17,5%

A nivel provincial e sen desagregar por sexo, o único aumento experimentouse en Pontevedra e a menor redución dáse na Coruña (13,9%) seguida de Ourense (22,5%) e Lugo (26,6%).

Cadro 11.11

Importe das indemnizacións acordadas segundo sexo, por provincia. Galicia. 2020-2021

	IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS ACORDADAS (miles de €)					
	Ambos os sexos ⁽¹⁾		Homes		Mulleres	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
España	282.920,1	372.769,4	174.848,2	221.227,0	101.988,2	138.005,4
Galicia	23.046,8	21.736,1	14.889,1	12.274,5	7.977,9	9.264,8
A Coruña	12.814,4	11.027,8	7.738,1	5.927,3	4.960,4	5.072,0
Lugo	3.609,1	2.645,5	2.600,3	1.967,9	787,9	664,8
Ourense	1.688,0	1.307,9	1.117,5	709,2	555,0	517,6
Pontevedra	4.935,3	6.754,9	3.233,2	3.670,1	1.674,7	3.010,3

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos os sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2020/2021

Nos cadros 11.12 e 11.13 pódense apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

Cadro 11.12

Importe dos salarios acordados segundo motivo de solicitude por provincia. España/Galicia. 2020-2021

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Total		Execucións laborais		Procedementos concursais	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
España	176.229,4	203.952,2	87.382,1	129.645,1	88.847,2	74.307,1
Galicia	12.307,8	11.018,4	4.950,1	7.247,5	7.357,7	3.770,9
A Coruña	7.005,1	5.320,4	2.543,6	3.679,0	4.461,6	1.641,5
Lugo	1.918,1	1.281,2	379,1	610,0	1.539,0	671,2
Ourense	645,7	1.178,3	420,5	999,4	225,2	178,9
Pontevedra	2.738,9	3.238,4	1.607,0	1.959,1	1.131,9	1.279,3

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2020/2021

Cadro 11.13

Importe das indemnizacións acordadas segundo motivo da solicitude, por provincia. España/Galicia. 2020-2021

	INDEMNIZACIÓNS (miles de €)							
	Total		Por impago da empresa				Responsabilidade directa Fogasa	
			Execucións laborais		Procedementos concursais			
	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021
España	282.920,1	372.769,4	117.217,8	184.710,3	165.559,7	188.015,6	142,6	43,6
Galicia	23.046,8	21.736,1	7.309,3	9.956,0	15.737,0	11.780,0	0,4	
A Coruña	12.814,4	11.027,8	3.416,4	5.155,9	9.397,6	5.871,9	0,4	0,0
Lugo	3.609,1	2.645,5	505,8	684,7	3.103,3	1.960,8	0,0	0,0
Ourense	1.688,0	1.307,9	593,7	1.113,0	1.094,2	194,9	0,0	0,0
Pontevedra	4.935,3	6.754,9	2.793,3	3.002,4	2.142,0	3.752,4	0,0	0,0

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2020/2021.